



16/11/2015

1. CONVOCATORIA DE XUNTA XERAL (2ª/2015): 17.12.2015

De acordo co establecido nos artigos 88 e 98 dos Estatutos deste Colexio de Avogados e no artigo 58 do Estatuto xeral da avogacía española, a Xunta de Goberno, na sesión que tivo lugar o 12.11.2015, tomou o acordo de convocar a xunta xeral ordinaria (segunda do ano 2015) para **o día 17 de decembro, ás 20.00 h**, conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da última xunta xeral
2. Exame e votación do orzamento para o exercicio 2016
3. Rogos e preguntas

2. CURSOS PRÁCTICOS SOBRE LEXNET

De cara a seguir formando a todos os colexiados/as no sistema Lexnet, que entrará en funcionamento o 01.01.2016 en todas as xurisdicións, o Colexio de Avogados ofrece un curso práctico para dar a coñecer a operatividade e o manexo desta plataforma.

Este curso repetirase durante catro xoves consecutivos, en horario de 19.00 a 20.00 h no salón de actos do Colexio, para facilitar que os colexiados interesados poidan asistir en calquera das sesións programadas.

Días: xoves 26 de novembro e xoves 3, 10 e 17 de decembro (**repetirase a mesma sesión os catro xoves**)

Horario: de 19.00 a 20.00 h

Lugar: salón de actos

Asistencia: libre

O curso será impartido polo secretario técnico, Manuel Arza, e o informático, Carlos Polo, que dende o mes de outubro participaron en varias formacións no Consejo General de la Abogacía. Así mesmo, tamén se contará con algún letrado do programa piloto que xa está empregando esta plataforma dende o mes de outubro, para valorar a súa experiencia.

3. DISPOÑIBLE A LOTERÍA DE NADAL

Coma todos os anos, xa está dispoñible a lotería de Nadal co número participado polo Colexio de Avogados (**48729**).

Os colexiados interesados poden adquirir participacións de 5 ou 10 euros nas oficinas do Colexio (en Eduardo Pondal e nos xulgados).